



## **CIRCULAR 31-2022.**

### **CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS MASTER**

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).**- A F.G.A. organiza o VI Campionato de Galicia de Lanzamentos Longos Master que terá lugar en Pontevedra o 12 de Marzo de 2022

**Art.2).**- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2022.

**Art.3).**- Poderán participar en cada especialidade os/as atletas que se inscriban coas 15 mellores marcas conseguidas durante a tempada 2021 ou 2022.

**Art.4).** Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros e nas probas de control da FGA e fóra de concurso será de 4 euros por proba.

**Art.5).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do luns 7 de marzo de 2022.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 9 de marzo. Calquera baixa non comunicada en prazo a: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

**Art.6).**- Entregaranse medallas aos tres primeiros/as atletas, tanto en homes como en mulleres, de cada categoría. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.7).**- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.8).**- Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma. Salvo a homologación do Disco Feminino que será ata as 09:10h.

**Art.9).**- Horario (provisional). O horario definitivo publicarase en función dos inscritos.

<b>HORARIO PROVISIONAL</b>		
<b>XORNADA DE MAÑÁ</b>		
<b>10:00h</b>	Disco	Feminino
<b>11:30 h</b>	Disco	Masculino
<b>13:00 h</b>	Martelo	Feminino
<b>XORNADA DE TARDE</b>		
<b>15:15 h</b>	Martelo	Masculino
<b>16:45 h</b>	Xavelina	Feminino
<b>18:15 h</b>	Xavelina	Masculino



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.10).** Cada atleta fará 4 intentos, no caso de que a inscrición o permita, poderá haber mellora ou facer 5 intentos.

**Art.11).** Condicións de Participación.

**Condicións de participación da categoría Master:**

Para a participación e a entrega do dorsal, será imprescindible amosar o certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

Calquera dunha destas tres condicións deberá ser amosada á organización no momento da recollida do dorsal.

**Art.12).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.13).-** O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

**Art.14).-** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.15).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 3 de marzo de 2022

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**